



RESUMO INFORMATIVO da PROGRAMACIÓN de MÚSICA (3º ESO)

Materia	MÚSICA	Departamento	MÚSICA
Docente	Miguel Ángel Díaz Valdés		
Curso/Grupo	3º ESO	Ano académico	2023/2024
Contidos			
1º Trimestre	<p>A música medieval. Contexto. A orixe da notación musical. O canto gregoriano. A música profana (protagonistas, xéneros, a lírica galego-portuguesa...). A aparición da polifonía.</p> <p>Música no Renacemento. Contexto histórico. Reforma, Contrarreforma e a súa influencia na música relixiosa. A música vocal profana (madrigal e vilancico). A música instrumental.</p>		
2º Trimestre	<p>O Barroco musical. Contexto histórico e características xerais. As novidades barrocas: aparición da ópera, os luthiers, a aparición da orquestra. A música vocal relixiosa. A música instrumental.</p> <p>O Clasicismo en música. A Ilustración. A Escola de Viena. A evolución da ópera. A forma sonata e as principais formas de música instrumental.</p>		
3º Trimestre	<p>Romanticismo e outras tendencias do século XIX. Contexto histórico. Pequenas e grandes formas: o lied; as pequenas formas pianísticas; a ópera romántica; sinfonismo puro e programático. O nacionalismo musical.</p> <p>A música no século XX. Diversidade de tendencias musicais. Os movementos de vangarda.</p> <p>Outras músicas: achegamento á música en España, e ao patrimonio musical galego.</p>		
Obxectivos			
<ul style="list-style-type: none"> • Comprender e identificar os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais. • Distinguir e situar temporalmente as épocas da historia da música e as tendencias musicais, e explicar as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia. • Examinar e explicar con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade. • Explorar e descubrir as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música. • Empregar un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais. • Empregar de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. • Adquirir e aplicar as habilidades técnicas e interpretativas precisas para participar con autonomía nas actividades musicais propostas, cunha actitude aberta e respectuosa. • Amosar unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecto das capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e compañeiras. • Fomentar o interese por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. 			

Metodoloxía

Exposición dos contidos teóricos a partir das explicacións do profesor e co apoio dos materiais suxeridos no entorno Edixgal.

Emprego de audicións e materiais audiovisuais para reforzar contidos teóricos.

Realización de traballos de investigación e ampliación por parte do alumnado, a partires de contidos básicos expostos na clase.

Traballo de práctica musical, instrumental e vocal.

Rexistro de apuntamentos, exercicios e actividades no caderno do alumno/-a.

Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)

1. Proceso de cualificación trimestral: Con carácter xeral farase unha proba escrita sobre os contidos teóricos de cada unha das unidades didácticas ao remate da mesma. Cabe tamén a posibilidade de agrupar dúas unidades nunha única proba se a materia e a dinámica do curso o aconsellan. En todo caso farase como mínimo unha proba escrita por avaliación. O peso deste apartado na nota da avaliación será do 55%.

Os contidos de carácter práctico (práctica instrumental e/ou vocal, lectura musical...) avaliaranse a través de probas individuais. A práctica instrumental poderá avaliarse a través do envío ao profesor de gravacións de vídeo coa interpretación das pezas propostas e traballadas con anterioridade, ou a través da interpretación directa na aula. O peso deste apartado na nota da avaliación será do 30%.

Mediante a observación do traballo na aula, a revisión do caderno e o control das actividades e traballos propostos valoraranse aspectos como o interese pola materia, o respecto ás normas, o grao de participación na dinámica da clase, o respecto ao traballo do profesor e dos compañeiros... Estes aspectos teñen un peso dun 15% na nota da avaliación.

A nota final de cada avaliación obterase sumando as diferentes cualificacións obtidas nos apartados anteriores, coa ponderación indicada en cada un deles. Sen embargo non se fará a media dos distintos apartados (e en consecuencia non se superará dita avaliación) se en calquera deles non se acadou o 30% da súa cualificación máxima.

2. Proceso de recuperación de partes pendentes: Estableceranse probas de recuperación daquelas partes non superadas das avaliacións nas que non se acadase unha avaliación positiva. A nota obtida en ditas probas substituirá á da proba non superada, aplicándose de seguido as porcentaxes establecidas no apartado anterior.

3. Determinación da cualificación final da materia: Superar a avaliación final ordinaria requirirá ter unha nota mínima de catro en cada unha das tres avaliacións, e que a nota media destas sexa superior a cinco.

A cualificación final da materia será a media aritmética das tres avaliacións trimestrais.

4. Proceso de recuperación da materia pendente de cursos anteriores: Establecerase unha sesión semanal de atención ao alumnado nesta situación por parte da xefatura do departamento, para propoñer actividades de repaso, resolver dúbidas e facer un seguimento da materia. En función da asistencia e aproveitamento deste traballo pode considerarse que a/-o alumna/-o acadou as competencias necesarias para superar a materia pendente. Non obstante tamén se establecerán exames trimestrais e un exame final para o alumnado que se atope nesta situación.

De cara á cualificación final, no caso do alumnado coa materia pendente de cursos anteriores establécese unha ponderación do 60% para os contidos teóricos e do 40% para aqueloutros de carácter práctico.

Proceso de avaliación Extraordinario / Final (Ferramentas, procedementos, etc.)

Para o alumnado con avaliacións pendentes, e con carácter previo á avaliación final, estableceranse probas específicas para recuperar os contidos aínda non superados. Esas probas terán carácter variado, e deseñaranse tendo en conta as particularidades do alumno/a. Poden consistir en probas escritas (tests, preguntas curtas, de desenvolvemento), probas orais, ou na elaboración de traballos sobre aspectos concretos da materia. No caso de contidos de carácter práctico, as probas consistirán en exercicios de interpretación instrumental ou vocal de pezas traballadas ao longo do curso, de lectura rítmica ou melódica, ou aqueloutros relacionados cos aspectos da materia non superados.

As probas versarán sobre aqueles contidos relacionados con avaliacións parciais non superadas, e dentro delas sobre os aspectos específicos pendentes.

Os criterios de cualificación aplicables ás probas realizadas durante este período de recuperación son os establecidos con carácter xeral na programación. As cualificacións das probas realizadas durante o período de recuperación substituirán ás obtidas durante o período ordinario nos mesmos ámbitos, apartados ou bloques de contido nos que estas se integraban. Unha vez feita a substitución aplicaranse de novo os criterios xerais para obter a cualificación final.

Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

Faltas de ortografía: en aras de contribuír á mellora da Competencia Lingüística do alumnado, nas probas escritas establécese un criterio de avaliación que supón a penalización de 0,05 puntos por falta de ortografía, a contar a partir da sexta falta. A penalización máxima total será de 2 puntos.

Anulación de probas: unha proba será anulada para a persoa implicada no caso de que a/o alumna/o sexa sorprendida/o tratando de copiar nela, calquera que sexa a técnica empregada a tal fin.

O redondeo aplicarase sobre a cualificación final, logo de sumar os tres elementos antes explicados coa ponderación que lles corresponde. Se a cualificación resultante ten na 1ª posición decimal unha cifra superior a 5 redondearase ao número enteiro superior.

(Extracto da programación do departamento)



RESUMO INFORMATIVO da PROGRAMACIÓN de MÚSICA (3º ESO)

Materia	MÚSICA	Departamento	MÚSICA
Docente	Jesús Villarino Méndez		
Curso/Grupo	3º ESO	Ano académico	2023/2024
Contidos			
1º Trimestre	<p>A música medieval. Contexto. A orixe da notación musical. O canto gregoriano. A música profana (protagonistas, xéneros, a lírica galego-portuguesa...). A aparición da polifonía.</p> <p>Música no Renacemento. Contexto histórico. Reforma, Contrarreforma e a súa influencia na música relixiosa. A música vocal profana (madrigal e vilancico). A música instrumental.</p>		
2º Trimestre	<p>O Barroco musical. Contexto histórico e características xerais. As novidades barrocas: aparición da ópera, os luthiers, a aparición da orquestra. A música vocal relixiosa. A música instrumental.</p> <p>O Clasicismo en música. A Ilustración. A Escola de Viena. A evolución da ópera. A forma sonata e as principais formas de música instrumental.</p>		
3º Trimestre	<p>Romanticismo e outras tendencias do século XIX. Contexto histórico. Pequenas e grandes formas: o lied; as pequenas formas pianísticas; a ópera romántica; sinfonismo puro e programático. O nacionalismo musical.</p> <p>A música no século XX. Diversidade de tendencias musicais. Os movementos de vangarda.</p> <p>Outras músicas: achegamento á música en España, e ao patrimonio musical galego.</p>		
Obxectivos			
<ul style="list-style-type: none"> • Comprender e identificar os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais. • Distinguir e situar temporalmente as épocas da historia da música e as tendencias musicais, e explicar as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia. • Examinar e explicar con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade. • Explorar e descubrir as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música. • Empregar un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais. • Empregar de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. • Adquirir e aplicar as habilidades técnicas e interpretativas precisas para participar con autonomía nas actividades musicais propostas, cunha actitude aberta e respectuosa. • Amosar unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecto das capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e compañeiras. • Fomentar o interese por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. 			

Metodoloxía

Exposición dos contidos teóricos a partir das explicacións do profesor e co apoio dos materiais suxeridos no entorno Edixgal.

Emprego de audicións e materiais audiovisuais para reforzar contidos teóricos.

Realización de traballos de investigación e ampliación por parte do alumnado, a partires de contidos básicos expostos na clase.

Traballo de práctica musical, instrumental e vocal.

Rexistro de apuntamentos, exercicios e actividades no caderno do alumno/-a.

Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)

1. Proceso de cualificación trimestral: Con carácter xeral farase unha proba escrita sobre os contidos teóricos de cada unha das unidades didácticas ao remate da mesma. Cabe tamén a posibilidade de agrupar dúas unidades nunha única proba se a materia e a dinámica do curso o aconsellan. En todo caso farase como mínimo unha proba escrita por avaliación. O peso deste apartado na nota da avaliación será do 55%.

Os contidos de carácter práctico (práctica instrumental e/ou vocal, lectura musical...) avaliaranse a través de probas individuais. A práctica instrumental poderá avaliarse a través do envío ao profesor de gravacións de vídeo coa interpretación das pezas propostas e traballadas con anterioridade, ou a través da interpretación directa na aula. O peso deste apartado na nota da avaliación será do 30%.

Mediante a observación do traballo na aula, a revisión do caderno e o control das actividades e traballos propostos valoraranse aspectos como o interese pola materia, o respecto ás normas, o grao de participación na dinámica da clase, o respecto ao traballo do profesor e dos compañeiros... Estes aspectos teñen un peso dun 15% na nota da avaliación.

A nota final de cada avaliación obterase sumando as diferentes cualificacións obtidas nos apartados anteriores, coa ponderación indicada en cada un deles. Con todo, non se fará a media dos distintos apartados (e en consecuencia non se superará dita avaliación) se en calquera deles non se acadou o 30% da súa cualificación máxima.

2. Proceso de recuperación de partes pendentes: Estableceranse probas de recuperación daquelas partes non superadas das avaliacións nas que non se acadase unha avaliación positiva. A nota obtida en ditas probas substituirá á da proba non superada, aplicándose de seguido as porcentaxes establecidas no apartado anterior.

3. Determinación da cualificación final da materia: Superar a avaliación final ordinaria requirirá ter unha nota mínima de catro en cada unha das tres avaliacións, e que a nota media destas sexa superior a cinco.

A cualificación final da materia será a media aritmética das tres avaliacións trimestrais.

4. Proceso de recuperación da materia pendente de cursos anteriores: Establecerase unha sesión semanal de atención ao alumnado nesta situación por parte da xefatura do departamento, para propoñer actividades de repaso, resolver dúbidas e facer un seguimento da materia. En función da asistencia e aproveitamento deste traballo pode considerarse que a/-o alumna/-o acadou as competencias necesarias para superar a materia pendente. Non obstante tamén se establecerán exames trimestrais e un exame final para o alumnado que se atope nesta situación.

De cara á cualificación final, no caso do alumnado coa materia pendente de cursos anteriores establécese unha ponderación do 60% para os contidos teóricos e do 40% para aqueloutros de carácter práctico.

Proceso de avaliación Extraordinario / Final (Ferramentas, procedementos, etc.)

Para o alumnado con avaliacións pendentes, e con carácter previo á avaliación final, estableceranse probas específicas para recuperar os contidos aínda non superados. Esas probas terán carácter variado, e deseñaranse tendo en conta as particularidades do alumno/a. Poden consistir en probas escritas (tests, preguntas curtas, de desenvolvemento), probas orais, ou na elaboración de traballos sobre aspectos concretos da materia. No caso de contidos de carácter práctico, as probas consistirán en exercicios de interpretación instrumental ou vocal de pezas traballadas ao longo do curso, de lectura rítmica ou melódica, ou aqueloutros relacionados cos aspectos da materia non superados.

As probas versarán sobre aqueles contidos relacionados con avaliacións parciais non superadas, e dentro delas sobre os aspectos específicos pendentes.

Os criterios de cualificación aplicables ás probas realizadas durante este período de recuperación son os establecidos con carácter xeral na programación. As cualificacións das probas realizadas durante o período de recuperación substituirán ás obtidas durante o período ordinario nos mesmos ámbitos, apartados ou bloques de contido nos que estas se integraban. Unha vez feita a substitución aplicaranse de novo os criterios xerais para obter a cualificación final.

Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

Faltas de ortografía: en aras de contribuír á mellora da Competencia Lingüística do alumnado, nas probas escritas establécese un criterio de avaliación que supón a penalización de 0,05 puntos por falta de ortografía, a contar a partir da sexta falta. A penalización máxima total será de 2 puntos.

Anulación de probas: unha proba será anulada para a persoa implicada no caso de que a/o alumna/o sexa sorprendida/o tratando de copiar nela, calquera que sexa a técnica empregada a tal fin.

O redondeo aplicarase sobre a cualificación final, logo de sumar os tres elementos antes explicados coa ponderación que lles corresponde. Se a cualificación resultante ten na 1ª posición decimal unha cifra superior a 5 redondearase ao número enteiro superior.

(Extracto da programación do departamento)



RESUMO INFORMATIVO da PROGRAMACIÓN de ARTES ESCÉNICAS (1º BAC)

Materia	ARTES ESCÉNICAS I	Departamento	MÚSICA
Docente	Jesús Villarino Méndez		
Curso/Grupo	1º BAC	Ano académico	2023/2024
Contidos			
1º Trimestre	<p>Conceptos básicos. Conceptos básicos sobre as artes escénicas.</p> <p>O patrimonio escénico. Análise das distintas manifestacións escénicas ao longo da historia.</p>		
2º Trimestre	<p>A expresión e comunicación escénica. Estudo do espazo escénico, recursos e situación necesarias na creación artística.</p> <p>A interpretación. Práctica interpretativa empregando técnicas e metodoloxías elementais.</p>		
3º Trimestre	<p>Creación e organización do espectáculo. Análise dos aspectos a ter en conta na creación dun espectáculo escénico.</p> <p>O público e a crítica: Estudo dos tipos de público e da práctica crítica.</p>		
Obxectivos			
<ul style="list-style-type: none"> • Analizar manifestacións escénicas de diferentes épocas e tradicións, describindo as súas características, establecendo relacións co seu contexto e identificando posibles influencias e proxeccións, para valorar o patrimonio e enriquecer o imaxinario propio. • Explorar as posibilidades expresivas de diferentes sistemas, medios e códigos de significación escénica, a través de actividades de carácter práctico, para incorporar o seu uso ao repertorio persoal de recursos e desenvolver o criterio de selección dos máis adecuados á intención comunicativa. • Abordar a recreación e representación da acción dramática, a partir da construción colectiva de escenas que mostren todo tipo de personaxes e conflitos, para desenvolver habilidades de comunicación e negociación e reforzar o autoconñecemento, a creatividade, a empatía, a imaxinación e o espírito emprendedor en diversas situacións e contextos. • Realizar proxectos de creación e difusión escénica, planificando as súas fases, seleccionando e estruturando os elementos de significación e asumindo diferentes funcións con iniciativa e responsabilidade, para expresar unha intención comunicativa, enriquecer a contorna cultural e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional. • Valorar criticamente manifestacións escénicas, identificando o público ao que se dirixen e analizando as súas características para desenvolver o criterio estético, difundir o patrimonio e ampliar as posibilidades de gozo das artes escénicas. 			

Metodoloxía

A metodoloxía predominante será a aprendizaxe baseada en proxectos e aprendizaxe baseada en retos.

A primeira resulta a aprendizaxe máis axeitada para garantir o tratamento de todos os contidos previstos e a superación dos criterios de avaliación que se propoñen, pois requiren a identificación dunha necesidade informativa, a planificación e a distribución de tarefas entre os membros dun grupo, a realización de pequenas investigacións e tarefas integradas de cara á elaboración dun produto final que cómpre comunicar.

A aprendizaxe baseada en retos porase en acción nos proxectos finais, abordando retos que o alumnado terá que resolver, problemas, creación de bosquexos intermedios e verificación do produto final.

Ademais, promoverase a aprendizaxe cooperativa, facendo fincapé na interdependencia xa que se busca desenvolver diferentes roles por parte do alumnado na creación de produtos escénicos completos.

Estas cuestións inclúen traballo individual, a interacción na aula e a toma de decisións a nivel grupal proporcionando ocasións para que o alumnado cre coñecemento de xeito conxunto.

Moitas das tarefas que se presentarán están pensadas para realizar en grupo de xeito integrador e favorecendo a inclusión de distintos niveis de aprendizaxe facilitando así a atención á diversidade.

Proceso de Avaliación Ordinario (Ferramentas, procedementos, etc.)

1. Proceso de cualificación trimestral: Con carácter xeral farase unha proba escrita sobre os contidos teóricos de cada unha das unidades didácticas ao remate da mesma. Cabe tamén a posibilidade de agrupar dúas unidades nunha única proba se a materia e a dinámica do curso o aconsellan. En todo caso farase como mínimo unha proba escrita por avaliación. O peso deste apartado na nota da avaliación será do 40%.

Os contidos de carácter práctico (musicais, exercicios de improvisación, dramatizacións, escenificacións, monólogos, etc.) avaliaranse a través de traballos en grupo e/ou individuais. Se fose preciso, poderá avaliarse a través do envío ao profesor de gravacións de vídeo coas interpretacións traballadas, aínda que procurárase traballar sempre coa interpretación directa na aula. O peso deste apartado na nota da avaliación será do 45%.

Mediante a observación do traballo na aula, e o control das actividades e traballos propostos, valoraranse aspectos como o interese pola materia, o respecto ás normas, o grao de participación na dinámica da clase, o respecto ao traballo do profesor e dos compañeiros... Estes aspectos teñen un peso dun 15% na nota da avaliación.

Todas as probas puntuaranse de 0 a 10, sendo que a nota final de cada avaliación obterase sumando as diferentes cualificacións obtidas nos apartados anteriores, coa ponderación indicada en cada un deles. Con todo, non se fará a media dos distintos apartados (e en consecuencia non se superará dita avaliación) se en calquera deles non se acadou o 30% da súa cualificación máxima.

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo (ou igual) de 0.5 tenderase á nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.5 tenderase á nota enteira superior.

Proceso de recuperación de partes pendentes: Ao rematar a avaliación o alumnado que non acade o aprobado ofreceráselle a posibilidade de recuperar a materia facendo unha proba escrita con peso do 40% e unha práctica escénica individual que será o 60% da nota. Para considerar a materia superada terá que acadar unha cualificación de 5 ou máis.

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo (ou igual) de 0.5 tenderase a nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.5 tenderase a nota enteira superior.

Determinación da cualificación final da materia: Superar a avaliación final ordinaria requirirá ter unha nota mínima de catro en cada unha das tres avaliacións, e que a nota media destas sexa superior a cinco.

Proceso de recuperación da materia pendente de cursos anteriores: A recuperación da materia farase mediante exame escrito cos contidos teóricos de todo o curso, e práctico a través dunha escenificación individual dun fragmento dunha obra ou monólogo a elixir entre varias propostas. Ditos exames de recuperación tamén poderán facerse ao final de cada trimestre ou a final de curso antes da avaliación. O exame teórico suporá o 50% da nota e o práctico o 50%.

Establecerase unha sesión semanal de atención ao alumnado nesta situación, para propoñer actividades de repaso, resolver dúbidas e facer un seguimento da materia.

(Extracto da programación do departamento)



RESUMO INFORMATIVO da PROGRAMACIÓN CTV I

Materia	CORO E TÉCNICA VOCAL I		Departamento	MÚSICA
Docente	Miguel Ángel Díaz Valdés			
Curso/Grupo	1º BAC	Ano académico	2023/2024	
Contidos				
1º Trimestre	<p>Técnica vocal 1: Relaxación, respiración, articulación e resonancia da voz. Exercicios de vocalización e entoación.</p> <p>Repertorio 1: Preparación de pezas a dúas voces, de estilos e períodos diferentes, a capella ou con acompañamento instrumental.</p> <p>Movemento: O movemento como acompañamento da interpretación.</p> <p>Linguaxe Musical 1: Repaso e afondamento nos elementos básicos da linguaxe musical a través da análise e do traballo coas partituras propostas.</p> <p>Presentación en público: Interpretación das pezas traballadas no trimestre.</p>			
2º Trimestre	<p>Técnica vocal 2: Continuación do traballo de técnica vocal realizado no 1º trimestre.</p> <p>Repertorio 2: Preparación de pezas a dúas e tres voces, de estilos e períodos diferentes, a capella ou con acompañamento instrumental.</p> <p>Percusión corporal: Realización de exercicios de percusión corporal, de xeito independente ou como acompañamento da voz.</p> <p>Linguaxe Musical 2: Repaso e afondamento nos elementos básicos da linguaxe musical a través da análise e do traballo coas partituras propostas.</p> <p>Presentación en público: Interpretación das pezas traballadas no trimestre.</p>			
3º Trimestre	<p>Técnica vocal 3: Continuación do traballo de técnica vocal realizado nos trimestres precedentes.</p> <p>Repertorio 3: Preparación de pezas a dúas, tres ou catro voces, de estilos e períodos diferentes, a capella ou con acompañamento instrumental.</p> <p>Improvisación: Improvisación cos sons naturais do propio corpo, de xeito libre ou guiado a partir de pautas de carácter rítmico, melódico, dinámico e harmónico.</p> <p>Linguaxe Musical 3: Repaso e afondamento nos elementos básicos da linguaxe musical a través da análise e do traballo coas partituras propostas.</p> <p>Presentación en público: Interpretación dalgunhas pezas traballadas no curso.</p>			
Obxectivos				
<p>Realizar unha escoita activa de pezas vocais de diferentes estilos, xéneros e culturas, para afondar na súa comprensión, axudar a desenvolver un criterio estético e ampliar o desfrute da música.</p> <p>Expresarse a través da voz e do corpo, de xeito individual ou colectivo, para reforzar a autoestima e desenvolver a voz e o corpo como instrumentos de comunicación.</p> <p>Interpretar pezas de diferentes estilos e xéneros musicais, para potenciar unha comunicación artística rica e promover o desenvolvemento de valores colectivos.</p> <p>Participar en proxectos escénicos, colaborando no proceso de organización dos mesmos.</p>				
Metodoloxía				
<p>O traballo vocal require da repetición constante para acadar unha mellora nos diferentes aspectos técnicos que o conforman. Deste xeito os contidos iranse retomando ao longo do curso.</p> <p>A metodoloxía empregada será principalmente activa e colectiva, baseada na observación e na experiencia e facendo do alumnado o descubridor da súa propia técnica e posibilidades vocais.</p> <p>As diferentes unidades didácticas están pensadas para a súa abordaxe simultánea: deste xeito as</p>				

sesións dividiranse para traballar nelas a técnica vocal, a montaxe do repertorio e os contidos teóricos. A busca da motivación, o traballo en equipo, o coidado da autoestima, o desenvolvemento da creatividade e do espírito crítico ou a interdisciplinariade son outros dos principios metodolóxicos que se terán en conta no deseño das clases.

Proceso de Avaliación Ordinaria (Ferramentas, procedementos, etc.)

1. Proceso de cualificación trimestral: o carácter eminentemente práctico da materia leva consigo que o traballo cotiá na aula e o aproveitamento das actividades que nela se realizan día a día sexa a base da cualificación. Este aspecto valorarase mediante a observación sistemática con táboa de indicadores, e o seu peso na cualificación será o 70%.

Realizarase tamén unha proba teórica por avaliación para os contidos relacionados coa linguaxe musical e técnica vocal. O peso desta proba na avaliación será do 15%.

Os traballos de creación, análise ou investigación propostos, de carácter individual ou en grupo, propostos polo profesor e realizados durante a avaliación terán igualmente un peso do 15%.

A nota final de cada avaliación obterase sumando as diferentes cualificacións obtidas nos apartados anteriores, coa ponderación indicada en cada un deles.

2. Proceso de recuperación de partes pendentes: Estableceranse probas de recuperación daquelas partes non superadas das avaliacións nas que non se acadase unha avaliación positiva.

A nota obtida en ditas probas substituirá á da proba non superada, aplicándose de seguido as porcentaxes establecidas no apartado anterior.

3. Determinación da cualificación final da materia, ó remate da 3ª avaliación:

Superar a avaliación final requirirá ter unha nota mínima de catro en cada unha das tres avaliacións, e que a nota media destas sexa superior a cinco.

A cualificación final da materia será a media aritmética das tres avaliacións trimestrais.

4. Proceso de recuperación da materia pendente de cursos anteriores:

A recuperación desta materia farase mediante exame escrito cos contidos teóricos de todo o primeiro curso, e práctico sobre unha selección das obras traballadas en dito curso. As probas poden facerse ao final de cada trimestre ou a final de curso antes da avaliación ordinaria ou final.

O exame teórico ponderará o 20% da nota e o práctico o 80%.

É necesario obter unha nota media de 5 puntos para recuperar a materia.

Para facer un seguimento do alumnado coa materia pendente fixarase un recreo semanal onde o alumnado poderá resolver dúbidas, e se lle ofrecerá material de apoio para preparar a materia.

Proceso de avaliación Extraordinario / Final (Ferramentas, procedementos, etc.)

Deberá acudir á avaliación extraordinaria o alumnado que non acadara unha nota mínima de catro en cada unha das tres avaliacións, ou que facéndoo no chegara a unha media de cinco nas tres avaliacións.

A avaliación final extraordinaria farase sobre aqueles contidos relacionados coas avaliacións parciais non superadas, (salvando polo tanto aquelas nas que se tivese obtido xa unha cualificación positiva).

As cualificacións das probas realizadas durante o período de recuperación substituirán ás obtidas durante o período ordinario naqueles mesmos ámbitos, apartados ou bloques de contido. Unha vez feita esa substitución aplicaranse de novo os criterios xerais para a obtención da cualificación final.

Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación

Anulación de probas: unha proba será anulada no caso de que a/o alumna/o sexa sorprendida/o tratando de copiar nela calquera que sexa a técnica empregada a tal fin.

O redondeo aplicarase sobre a cualificación final, logo de sumar os tres elementos antes explicados coa ponderación que lles corresponde. Se a cualificación resultante ten na 1ª posición decimal unha cifra igual ou superior a 5 redondearase ao número enteiro superior.

(Extracto da programación do departamento)